



MENTORING

ACOMPAÑANDO Á ECONOMÍA SOCIAL

QUE É ES-MENTORING?

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop e a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias colaboran no desenvolvemento da edición 2023 do programa ES-Mentoring Acompañando á Economía Social, tralo éxito acadado no programa piloto realizado no 2022 que amosou a necesidade de consolidar un programa destas características para a economía social galega.

O programa ten como finalidade apoiar e consolidar ás cooperativas e demais entidades de econo-

mía social do tecido económico de Galicia, mediante a realización de **servizos e procesos de mentoría**, que permita compartir os coñecementos, vivencias e habilidades de profesionais con experiencia con outras entidades da economía social que precisan implementar melloras.

ES-MENTORING dá resposta ás necesidade das empresas da economía social sendo un programa coñecedor das súas especificidades e características, fundamentándose nos seus mesmos valores e principios.

A QUEN ESTÁ DIRIXIDO O PROGRAMA?

1

A EMPRESAS DA ECONOMÍA SOCIAL QUE QUEIRAN SER MENTORIZADAS

Que estean nun momento de cambio, de crise, transformación, innovación... e estean interesadas en recibir orientación e asesoramento sobre como enfocar a situación por parte de persoas expertas en economía social.

2

A PERSOAS EXPERTAS NA ECONOMÍA SOCIAL QUE QUEIRAN SER MENTORAS

Interesadas en compartir as vivencias e experiencias, xa que contan con maior traxectoria e experiencia profesional, e teñen pasado por situacións similares comprometéndose aconsellar ás mentorizadas.

COMO O CONSEGUIMOS?

O proceso de mentoría desenvólvese en diferentes ámbitos de traballo: societario, comercial, comunicación, economía e finanzas, organización, RSE, innovación, ODS, transición dixital, internalización, temática sectorial e outros.

Os equipos técnicos da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias e a Unión de Cooperativas EspazoCoop avaliarán as candidaturas recibidas e farán o encaixe entre estas e as persoas mentoras que pasan a formar parte da **Rede de Mentoras**.

Darase unha **formación común ás mentoras** que facilitará a intercooperación entre as expertas, mais tamén achegará claves, pautas, ferramentas, protocolos e habilidades sobre as técnicas de mentoring.

As inscricións para participar como mentorizadas e mentoras realízanse a través da páxina web:

www.es-mentoring.gal

COA COLABORACIÓN DE:





8h de formación
para mentoras



17h de mentoría
para cada mentorizada



2 Xornadas con intervencións de persoas referentes

Boas prácticas en mentoring e experiencias doutros territorios. Presentación e peche.



1 encontro networking
para mentoras

AS PERSOAS MENTORAS

Achegarán a súa visión e asesoramento á entidade mentorizada no deseño de novas perspectivas para os seus plans de desenvolvemento.

Axudarán a superar obstáculos ofrecendo un espazo para compartir coñecementos, aprendizaxes, innovacións, dificultades ou aspiracións.

Convértense en persoas de confianza ao dispor das persoas mentorizadas para asesoralas, apoialas, e aconsellas cando o necesiten.

Deben cumprir **dous requisitos**:

- Que sexan profesionais con experiencia nos diferentes ámbitos de actuación e áreas de traballo no que se enmarca o programa ES-MENTORING.
- Que sexan profesionais que acrediten coñecemento en economía social, ben porque forman ou formaron parte dalgunha entidade do sector nalgún momento, ou porque teñen ou tiveron experiencia no acompañamento, asesoramento, ou na consultoría con algunha entidade da economía social.

A COORDINACIÓN EQUIPO TÉCNICO DE AGACA E ESPAZOCOOP

O persoal dos equipos técnicos da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias e a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop realizarán a selección das empresas de economía social participantes no programa, o labor de encaixe entre mentoras e mentorizadas, e a coordinación dos procesos de mentorización.

Dende a coordinación verificarase que o proceso de mentoría discorre do xeito esperado, cumprindo os compromisos e acordos.

AS ENTIDADES MENTORIZADAS

Pode participar como entidade mentorizada calquera empresa da economía social. Terán prioridade de **as cooperativas, sociedade laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción, confrarías, comunidades de montes, sociedades agrarias de transformación...** sen prexuízo de que se poidan atender outras entidades da economía social como as fundacións e asociacións con actividade económica e sen fins lucrativos, ou as mutualidades.

40 PRAZAS DISPOÑIBLES ES-MENTORING EDICIÓN 2023

As empresas da economía social interesadas en participar no programa ES-MENTORING deberán solicitar a súa participación cubrindo o formulario de inscrición que está dispoñible na web:

www.es-mentoring.gal

 www.es-mentoring.gal

 esmentoringal@gmail.com

 Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias 981 58 47 83

 Unión de Cooperativas Galega EspazoCoop 981 57 55 78